



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Idioma Moderno 3: Italiano		Código	613G03056
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Italiano			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Tucci , Emiliana	Correo electrónico	emiliana.tucci@udc.es	
Profesorado	Tucci , Emiliana	Correo electrónico	emiliana.tucci@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Consolidar os coñecementos prácticos e teóricos adquiridos no nivel anterior, engadindo instrumentos que lle permitan ao alumno construír enunciados algo máis complexos tanto no nivel escrito coma no oral.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non hai modificación dos contidos. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen No caso de as aulas se suspenderen, avisarase o alumnado das posíbeis mudanzas relativas ás metodoloxías docentes. *Metodoloxías docentes que se modifican No caso de as aulas se suspenderen, avisarase o alumnado das posíbeis mudanzas relativas ás metodoloxías docentes. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado As titorías mantense no horario normal e realizaranse por correo electrónico ou por Teams, segundo as posibilidades do estudantado. 4. Modificacións na avaliación -Actividades iniciais 20%. Exercicios en formato word que se entregarán por correo electrónico. Non se aceptarán outros formatos. -Proba mixta 35%. Exame escrito: enviarase o exame por Moodle o día marcado para a proba. -Proba oral 20%. Exame oral: enviaranse unha serie de preguntas por Moodle ás cales se terán que responder cunha gravación. -Presentación oral 20%. Presentación que se enviará por correo electrónico a través dunha gravación. -Sesión maxistral 5%. Asistencia e participación activa nas aulas. No caso de ter aulas por Teams, ou farase un control na plataforma ou, de non ser posíbel, asignarase o 5% a outra actividade. *Observacións de avaliación: Os prazos de entrega das actividades e dos exames comunicaranse a través de Moodle con antecendencia suficiente tanto na primeira como na segunda oportunidade. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Os alumnos que cursen satisfactoriamente esta materia han de ser capaces de comprender a lingua italiana nun 100 % e de expresarse nun nivel lingüístico medio-alto.	A15	B1 B3 B6	C2 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Tempi verbali.	1.1 Ripasso dei tempi verbali studiati in precedenza. 1.2 Il congiuntivo. 1.3 Il condizionale.
2. La subordinazione.	2.1 La subordinata temporale. 2.2 La subordinata causale. 2.3 La subordinata finale. 2.4 La subordinata modale. 2.5 La subordinata consecutiva.
3. La voce passiva.	3.1 Uso e costruzione della voce passiva.
4. I pronomi relativi.	4.1. Studio ed uso dei pronomi relativi.
5. Lingua e cultura. Approfondimenti di cultura, musica e stili di vita italiani.	5.1 La musica. 5.2 La letteratura italiana. 5.3 Cenni di storia italiana. 5.4 I dialetti italiani. 5.5 L'arte in Italia.
6. La lingua italiana nella vita di tutti i giorni.	6.1 Le festività. 6.2 Le fasi della vita. 6.3 Gli animali e la natura.
7. L'uso dei social network.	7.1. Uso del social network comune a tutti gli studenti (Facebook, Twitter, Instagram) per migliorare alcune competenze linguistiche. L'attività è facoltativa.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba oral	A15 B1 B3 C5 C6 C8	0.5	3	3.5
Presentación oral	A15 B3 B6 C2 C5	0.5	3	3.5
Prácticas a través de TIC	C8	1	0	1
Discusión dirixida	A15 B1 B3 C6	6	6	12
Lecturas	A15 B3 B6	1	10	11
Sesión maxistral	C7 C8	16	16	32
Proba mixta	A15	4	28	32
Actividades iniciais	B1 C6	10	5	15
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral	Realización dunha proba oral que permita coñecer os avances do alumno no coñecemento e a competencia da lingua falada



Presentación oral	Exposición na aula dun tema proposto de antemán polo profesor.
Prácticas a través de TIC	Prácticas a través de TIC para o coñecemento e o uso dos recursos da bibliografía e dos programas relacionados coa materia.
Discusión dirixida	Participación do alumnado nun tema de debate suscitado polo profesor, seguindo para iso as pautas marcadas previamente polo profesor.
Lecturas	Realización de lecturas fose e dentro da aula.
Sesión maxistral	Clases de carácter teórico e práctico impartidas polo profesor sobre os contidos da materia.
Proba mixta	Proba con preguntas de diversa índole que permite avaliar os coñecementos e as competencias adquiridas polo alumno nas diferentes destrezas.
Actividades iniciais	Contan como actividades iniciais participación na aula (audicións, lecturas, comprensión oral...), exercizos en casa e nas aulas e a participación nas actividades programadas relacionadas coa materia (este ano vanse celebrar as ?Xornadas Internacionais sobre a Situación Lingüística en Italia?, os días 23 e 24 de outubro nas que o alumnado está invitado a participar).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Discusión dirixida	A aprendizaxe colaborativa, a discusión dirixida, e as prácticas de laboratorio así como a exposición oral dirixida realizaranse dentro da aula. Deste xeito esta metodoloxía permite que o tempo de atención divídase entre todos os alumnos. A proba oral será individual. Así mesmo, levarán a cabo sesións de tutorías de carácter individual.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	B1 C6	Considerase actividades iniciais o conxunto das seguintes actividades: exercizos en clase, participación nas aulas, lecturas, audicións e participación nas actividades programadas relacionadas coa materia.	20
Proba mixta	A15	Proba escrita con preguntas de diverso carácter para avaliar os coñecementos e as competencias adquiridas	35
Proba oral	A15 B1 B3 C5 C6 C8	Avaliaranse os coñecementos así como as competencias relativas ao nivel falado da lingua	20
Presentación oral	A15 B3 B6 C2 C5	Terase en conta tanto a elaboración como a presentación, como o grao de corrección lingüística adquirido no nivel oral.	20
Sesión maxistral	C7 C8	Terase en conta a asistencia a clase e a participación activa na aula. Non se adquirirá a puntuación se se produce unha falta de asistencia superior ao 10 %.	5

Observacións avaliación



Criterios de avaliación: na primeira oportunidade, o alumno ten que cumprir as seguintes condicións: Aprobar o conxunto da Proba mixta e da Proba oral. Facer polo menos a metade das actividades propostas na avaliación. Non se terán en conta as actividades entregadas fóra de prazo. Considerarase como Non Presentado aquel alumno que non se presente ás Probas mixta e oral. Os exercicios terán que entregarse até o último día de clase. A exposición oral realizarase nas últimas horas da clase (poden ser unha o máis semanas, según a cantidade de alumnos. Neste caso realizarase a proba en orden alfabético). Estas datas poden variar. Faranse oficiais nas clases. Na segunda oportunidade se o alumno aprobou o conxunto das probas mixta e oral so terá que completar as actividades restantes. Os exercicios poderán entregarse até o día do examen. Non se aceptarán exercicios fora deste prazo. A exposición oral terá lugar o mesmo día do exame. Se o alumno non aprobou o conxunto das probas mixta e oral terá que repetilas na sesión de xullo. No caso de non ter feitas o suspensas as demais actividades tamén terá que repetilas. Ao comezo do curso darase un calendario de entrega dos traballos e as diferentes actividades da avaliación.

Os alumnos con dispensa académica de asistencia e a tempo parcial deberán presentarse ao comezo do curso para recibir indicacións sobre como aprobar o exame, e recibir avaliación continua ao longo de todo o curso. Terán que examinarse nas datas oficiais como o resto dos alumnos e entregar ou realizar o resto das actividades nunha data a convir coa profesora.

Os traballos presentados

polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información

Bibliografía básica	- Nocchi, Susanna (2011). Nuova grammatica pratica della lingua italiana . Hueber, Alma Edizioni - Renzi, Lorenzo (1998). Grande grammatica italiana di consultazione.. Il Mulino - Arbia, M.T. (2006). Italiano: gramática esencial. Barcelona: Difusión - Carrera Díaz, M. (1994). curso de lengua italiana. Barcelona: Ariel - Londero, Eleanor (1999). diccionario Español-Italiano Italiano-Spagnolo. . Barcelona, Collins Grijalbo
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma Moderno: Italiano/613G03050
Idioma Moderno 2: Italiano/613G03053

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Idioma Moderno 4: Italiano/613G03059

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías